



BASES DA CONVOCATORIA ERASMUS+ MOBILIDADE DE ALUMNADO TITULADO ABRIL 2017 - XUÑO 2018

Convocatoria de selección **ERASMUS+ 2016-2018**.

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA
REALIZAR PRÁCTICAS EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO
PROGRAMA ERASMUS+.

PROXECTO DE MOBILIDADE ERASMUS + 2016-2018.

“Next Station: Improving Professional Skills in Galicia”

NÚM. PROXECTO: 2016-1-ES01-KA102-024869

CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel

Praza da Lexión, s/n

32002 Ourense

Teléfono: 988 788 470

cifp.carballeira@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/cifpcarballeira/>



BASES DA CONVOCATORIA

A Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa abre unha convocatoria para asignar bolsas de mobilidade para prácticas a alumnos/as de Ciclos Medios de Formación Profesional matriculados en calquera dos CIFP e IES participantes no proxecto e que queiran realizar logo de titular un período de prácticas no estranxeiro.

Estes fondos, que proceden da acción clave (KA1) de Mobilidade de Estudantes de Formación Profesional (ciclos de grao medio) do Programa ERASMUS+ e, xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

O proxecto consiste na realización dunha mobilidade de **SEIS MESES** de prácticas, **NON REMUNERADAS**, en empresas relacionadas cos estudos cursados nas familias profesionais ofertadas no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no ámbito laboral no estranxeiro, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

O CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, apoiará aos alumnos/as, a través do Coordinador de Programas Internacionais, na procura de:

- Empresas ou institucións dispostas a participar no Programa de países da UE.
- Seguimento por parte da coordinación de programas internacionais.
- Asesoramento e guía en todo o período.



1. ASPECTOS XERAIS

Dirixido:

A alumnado de Grao Medio, que titula no curso 2016/2017 no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, para a realización de prácticas en empresas no estranxeiro.

O CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel proporcionará a xestión das bolsas ERASMUS+ e dos aspectos prácticos relacionados coa mobilidade nos países europeos adheridos ao programa. Por outra banda, o alumno seleccionado pode promover a realización de convenios con empresas do seu interese.

2. PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN:

6 meses, a realizar entre abril de 2017 e xuño de 2018.

3. ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO:

(80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar)

PAÍS	MANUTENCIÓN	VIAXE
Alemaña	4484 €	275 €
Italia	4922 €	275 €
Finlandia	5164 €	360 €
Francia	5360 €	275 €
Portugal	4288 €	180 € / 275€ (Madeira)
Malta	4484 €	360 €
Irlanda	5360 €	275 €
Reino Unido	5994 €	275 €

4. FORMACIÓN LINGÜÍSTICA

Segundo establece o Programa Erasmus+ o **alumnado seleccionado terá a obriga** de realizar unha formación lingüística no idioma de traballo do país asignado, independentemente do nivel acreditado no proceso de selección.

- Todo o alumnado fará una proba de nivel na plataforma online proporcionada pola Comisión Europea do idioma do país para o que foi seleccionado.
- O alumnado terá á súa disposición Formación online na devandita plataforma acorde ao seu nivel.
- Ao remate da mobilidade, todo o alumnado fará una Proba final online na mesma plataforma.



5. COMITÉ DE SELECCIÓN

- Director do centro
- Xefe da área de calidade, innovación e orientación profesional
- Xefe do departamento de calidade e innovación
- Xefa do departamento de orientación profesional
- Coordinadora de programas internacionais
- Xefes dos departamentos didácticos

A asignación definitiva das prazas corresponderá á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, logo da recepción da resolución de asignación proposta polo comité de selección do CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN E BAREMACIÓN DE CANDIDATOS/AS

As prazas dispoñibles para mobilidades de titulados en países europeos asignaranse ao alumnado interesado, logo da presentación da solicitude, que será baremada por un comité de selección constituído no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, en base aos seguintes criterios:

- **Competencia lingüística en idiomas (non oficiais no estado español) acreditada documentalmente (ata 3 puntos).**
 - B2 (MERL) ou superior idioma país destino: 3
 - B1 (MERL) país destino: 2
 - B2 (MERL) ou superior inglés: 1
 - B2 (MERL) outro idioma 0,5
 - B1 (MERL) outro idioma 0,25
 - A2 (MERL) país destino: 0,25
 - Nacionalidade do país de destino: 1

* No CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel non se realizará proba de idiomas non acreditados por non dispoñer de profesorado específico.
- **Expediente académico nos módulos do Ciclo (ata 3 puntos).**
 - Entre 6,00 e menos de 7,00 - 0,50 puntos
 - Entre 7,00 e menos de 8,00 - 1,00 puntos
 - Entre 8,00 e menos de 9,00 - 2,00 puntos
 - Entre 9,00 e 10,00 - 3,00 puntos
- **Candidato/a que presenta “Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro” para a realización das prácticas (Anexo II): 3,00 puntos.**



7. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas interesadas poden entregar a solicitude na secretaría do seu centro, dende o 26 de abril ao 8 de maio de 2017, antes das 14:00h. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria, ou ben se pode recoller na secretaría. Xunto co impreso de solicitudes entregárase:

1. Curriculum Vitae e carta de motivación no idioma do país de preferencia o no seu defecto inglés, seguindo o modelo europeo C.V. Europass
<https://europass.cedefop.europa.eu/editors/es/cv/>
2. Documentos acreditativos da competencia lingüística alegada.
3. Fotocopia do DNI.
4. Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria).

8. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O comité de selección constituído no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel baremará as solicitudes presentadas segundo os criterios reflectidos no punto 6.

Finalizado o proceso de baremación, asignará as prazas ofertadas aos solicitantes, en función da puntuación obtida e, a continuación, elevará a proposta de asignación á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, a quen lle corresponde a adxudicación definitiva.

O alumnado non seleccionado pasará a formar parte dunha listaxe de espera, ordenada igualmente, segundo os criterios anteriores.

Publicaranse no taboleiro de anuncios do centro, así como na páxina web, as listaxes da adxudicación de prazas proposta polo comité de selección do CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, e as listaxes de espera.

Se por causa xustificada algún alumno/a seleccionado/a non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasará a ser cuberta polo primeiro alumno ou alumna da listaxe de espera.

Asdo.: D. Vicente Ribao Docampo

Director CIFP A Carballeira- Marcos Valcárcel de Ourense



ANEXO I

PROXECTO MOBILIDADE ERASMUS + 2016-2018

“Europa. Next Station: Improving Professional Skills in Galicia”

NÚM. PROXECTO: 2016-1-ES01-KA102-024869

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE ALUMNADO PARA TITULADOS
CURSO 2016/2017

DATOS DO/A CANDIDATO/A			
Apelidos		Nome	
Enderezo			
Teléfono 1	Correo electrónico		
Teléfono 2	Data de nacemento		

CURSO ACTUAL						
Ciclo						
IDIOMAS						
Idioma acreditado	Superior/B2	B1	A2			
Idioma acreditado	Superior/B2	B1	A2			
Idioma acreditado	Superior/B2	B1	A2			
Participación previa en programas europeos	SÍ	NON				
Describe esa participación	Nome do programa					
	Organismo		Data			

PAIS DE DESTINO QUE PROCURA				
<i>Sínalaos por orde de preferenza</i>				
País 1	País 2	País 3		
Coñeces xa algún centro no que desexarías facer a estadía?	Nome do centro			
Presentar Compromiso de acollida da empresa (Anexo II).	Enderezo			
	País		Teléfono	



DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

- CV no idioma do país de destino, seguindo o modelo Europass
- Carta de motivación
- Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II)
- Fotocopia do DNI
- Documentos acreditativos da competencia lingüística

FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA

Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ de **titulados de ciclos de grao medio**, " NEXT STATION: IMPROVING PROFESSIONAL SKILLS IN GALICIA" NÚM PROXECTO: 2016-1-ES01-KA102-024869.

No caso de seren seleccionado/a, asumo a responsabilidade de realizar a estadía no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadía.

Sinatura		Data
----------	--	------

Comisión de Selección de Movilidades para prácticas de titulados de ciclos de grao medio



Annex II
Training commitment

Name of the candidate:

Personal ID n°:

I,(name)....., as legal representative of the company, with VAT number I commit to welcoming(participant´s name)..... as an unpaid work experience participant, within the Erasmus + Programme, in the period2017.

FOR THE HOST ORGANISATION

Name:

Position:

Telephone:

E-mail:

Place / date: